


Onte, 12 de maio, CCOO e UGT esiximos ás portas da patronal un Convenio de Consultoría digno



Como vimos informando as últimas semanas, a Asociación de Empresas de Consultoría (AEC), patronal do sector, tomou a decisión de romper as negociacións cando desde **CCOO** fixemos públicas parte das súas propostas, tales como traballar de balde os sábados ou ampliar a xornada máxima efectiva ata as 12 horas diarias, entre outras.

Debido a este bloqueo pola súa parte, vímonos abocados á convocatoria de mobilizacións, na procura de retomar a vía do diálogo e evitar que se dilate no tempo o asinamento dun convenio digno para o sector.

Onte, 12 de maio ás 12 horas, as delegadas e delegados de **CCOO** e UGT de Madrid concentrámonos fronte á AEC para esixir o desbloqueo da negociación e instar a patronal e empresas asociadas a que tomen en serio dunha vez as condicións laborais dos seus cadros de persoal.

Como xa esperabamos, a convocatoria foi todo un éxito e a resposta dos nosos representantes ao chamamento de ambos os sindicatos foi masiva.

Unhas trescentas persoas presentáronse ás portas da patronal para berrar alto e claro **BASTA XA!** e facerlles ver que non imos parar ata que se acorden unhas condicións xustas para un sector altamente precarizado nos últimos anos.

Isto só é o principio, foi a primeira de moitas mobilizacións se a AEC non cambia de actitude.

ESTA VEZ ÍDES NOS ESCOITAR

Lembra que podes seguir contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en "Change.org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntaste?

E non esquezas darlle máxima difusión en redes sociais #ConvenioTICdigno #NoPrecaryTIC

CCOO É O TEU SINDICATO, AGORA MÁIS CA NUNCA. [AFÍLIATE!](#)